

Todos podemos mellorar compartindo

Alxeria realizou hai pouco unha petición de intercambio cos países da conca do Mediterráneo de gas por auga procedente dos ríos Ródano e Rin, aínda que por motivos políticos será complexo realizalo. Mais, existen alternativas ante a seca.

Iván T.S, Miguel S.D, Jennifer L, Daniel R.L e Alicia V.I. Marzo 2012

Xa que Alxeria propón un cambio de auga por gas africano con Europa, pero por motivos políticos non é doado de realizar, deberíamos de saber que máis do 80% das enfermidades son causadas pola falta de auga. O intercambio sería beneficioso?



Imaxe que corresponde ao río europeo Rin.

A auga doce, un recurso necesario para os pobos, é un ben que escasea e está distribuído de forma irregular nas diferentes partes do mundo. É sabido que o planeta Terra está formado nun 75% por auga, pero unicamente un 2,6% das nosas reservas son de auga doce, das que só se pode aproveitar un terzo. Deste terzo, a metade está contaminada. Sponse que deben facer uso da auga 6.000 millóns de persoas, pero iso non é así, posto que para 2.400 millóns de persoas a hixiene é imposible, e 1.200 millóns nin sequera poden acceder á auga potable, de acordo cun estudo realizado pola ONU.

Outro estudo da Organización Mundial da Saúde afirma que cada individuo necesita uns 50 litros de auga cada día, unha cantidade que é maior en España, onde o uso chega aos 250 litros por persoa a diario. Por este motivo, en África este uso ás veces non alcanza os 2,5 litros por persoa ao día. A falta de auga produce moitas enfermidades, como a diarrea, enfermidades da pel e dos ollos, infeccións por parasitos, malaria, etc. Millóns de persoas no mundo que non poden acceder á auga potable empregan para o seu uso diario augas superficiais sen protexer, o que lles produce graves enfermidades e a miúdo a morte.

África é a que máis padece a falta da auga coma recurso imprescindible para o desenvolvemento da vida dos pobos, posto que a pesar de ter algúns dos máis importantes ríos, lagos e acuíferos do mundo, calcúlase que só dispón de entre o 9% e o 11% dos recursos da auga do planeta para subministrar a máis de 900 millóns de persoas. A situación aínda é máis grave nas zonas rurais, onde esta o 70% da poboación de África, e onde a auga potable moitas veces é imposible de recoller.

Por outra banda, no continente africano teñen lugar ciclos desastrosos que teñen que ver coa auga (inundacións e secas), estreitamente relacionados co cambio climático, o que ocasiona situacións moi dramáticas coma migracións en masa cara ás cidades e longos períodos de fame entre a xente. As consecuencias das secas afectan especialmente a 25 países africanos de acordo co PNUD, que son precisamente os máis pobres do continente, entre eles Alxeria. En palabras de Mohamed Ennabli, presidente do Instituto Euro-Mediterráneo da Auga: "O espectro da falta de auga pode pór en perigo o desenvolvemento ao que aspiran os países do Norte de África, que nos últimos meses protagonizaron cambios políticos".

Nesta situación, é lóxico que o norte do continente africano vexa nos ríos de Europa máis caudalosos unha fonte de subministro que lle permitiría o paso cara ao desenvolvemento, tal como se recolleu no Seminario de Lanzamento do primeiro Foro da Auga, celebrado en Murcia. Alxeria dixo que sería necesario facer un transvasamento do Ródano ou do Rhin para "que o deserto non pase sede", ao considerar que quenta a Unión Europea co gas que envía polos gasodutos e ten dereito a recibir o mesmo trato. Mais, "non hai proxectos específicos, porque se trata dunha cuestión política", manifestou Milagros Couchoud, vicepresidenta do Instituto Euro-Mediterráneo da Auga de Marsella.

A experiencia de Murcia

A rede hidrográfica da comunidade murciana está formada en gran parte polo río Segura, que é o eixo principal da rede de drenaxes de Murcia, ademais duns eixos secundarios estruturados ao redor dos seus afluentes. A falta de auga que sofre a conca do río Segura, debido ao réxime pluvial mediterráneo

levantino, deu lugar co paso dos anos a diversas propostas por parte do goberno que intentaban solucionar esa necesidade. Por ese motivo, levouse a cabo alá polo ano 1979 o transvasamento Texo-Segura, aínda en servizo.

Mais, tamén se creou o Programa AGUA, unha alternativa aos transvasamentos incluídos no Plan Hidrolóxico Nacional e que recolle, ademais doutras actuacións, a reciclaxe da auga e a construción de plantas desalinizadoras. O transvasamento do río Ebro, aprobado no ano 2005, foi suspendido debido a fortes críticas e á negativa doutras autonomías. Estas obras ocasionan unha gran perda de auga por evaporación e nas conducións, ademais dun dano ecolóxico nos ríos.

Transvasar do mar

Moitas nacións abusan demasiado dos ríos, pero estes costumes non son sustentables na actualidade. Hoxe en día, especialmente a partir dos estudos feitos polo equipo de Menachem Elimelech, da Universidade de Yale, pénsase que a desalinización da auga do mar é unha das principais formas de loitar contra a falta de auga doce en moitas partes do planeta. Está claro que os océanos son unha fonte permanente de auga e a tecnoloxía da eliminación do sal xa non custa tantos cartos e é máis eficaz.

O método máis usado chámase ósmose inversa, ou sexa: facer pasar a auga do mar por unha membrana que filtra o sal. Os científicos intentaron aumentar o fluxo da auga por medio dunha membrana, con materiais de última xeración, como os nanotubos de carbono, e dese xeito reducir a cantidade de enerxía precisa para mover a auga. Ademais, recentemente, Elimelech e Phillip fixeron propostas para mellorar a etapa previa ao tratamento de desalinización e a etapa posterior. Pensan que hai que evitar que a materia orgánica que ten a auga se xunte na superficie das membranas e estudan como producir unha membrana capaz de filtrar o boro e o cloro, elementos naturais da auga do mar e que non poden estar presentes na utilizada na agricultura para o rego. Actualmente, é necesario eliminalos despois da desalinización, o que frea e fai que o proceso sexa máis caro.

Europa é un continente rico, pero antes, ao igual que África, era un continente pobre e tamén tiña escaseza de auga. En palabras de Carmen Viqueira, unha das avoas entrevistadas na *Escola d@s av@s*, "en agosto e en setembro escaseaba a auga moito e había que estar na fila na fonte para collela." Agora a xente malgasta a auga sen darse conta da sorte que ten, esquecendo axudar os máis pobres, como tamén un día o foron eles.